



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G010/000014

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

En Abegondo, ás dez horas e catro minutos do día dezanove de decembro de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión extraordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2019
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Fátima Insua López

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Roberto Gómez Lesta

Escusan a súa ausencia:

Silvia Taboada Carro

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS

Dáse conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS

EXPEDIENTE: 2019/X999/000317 - 2019/G006/000175

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Os concellos de Bergondo, Carral, Abegondo e Miño pretenden agruparse para o sostemento en común do posto de Tesourería.

SEGUNDO. Os representantes destes concellos tiveron unha xuntanza previa coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, que achegou información sobre os trámites a seguir e un modelo de estatutos que regulen a agrupación.

TERCEIRO. O pleno de cada un dos concellos de Carral, Miño, Abegondo e Bergondo acordaron incoar o expediente para a creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soste en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Abegondo, Carral e Miño.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CUARTO. A Comisión paritaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño constituíuse o 09.12.2019 e acordou o texto dos Estatutos da agrupación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 9, 12 e 14 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Os artigos 11, 12 e 13 Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.
- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Os artigos 47.2.g) e 92 Bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece no seu punto 3: “Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”

SEGUNDA. De conformidade coas disposicións legais e regulamentarias citadas, que pervén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional nas entidades locais cuxo volume de servizos ou recursos sexa insuficiente, por criterios de economía, como xa se valorou con motivo da aprobación da RPT, considerando a capacidade económica do concello, tratándose dun municipio que pola dinámica poboacional e pola dinámica económica conta cun potencial de recursos propios limitado, sendo sen embargo posible o sostemento do posto de tesourería en común mediante achega da parte alícuota que se determine nos custes que orixine, xunto cos Concello de Abegondo, Carral e Miño, e tal como se ten exposto na xuntanza previa levada a cabo coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, que nos achegou os trámites a seguir e un modelo de estatutos que regulen a agrupación.

TERCEIRO. A normativa básica indica que lles corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesourería se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. Debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición non rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

CUARTA. O procedemento efectuado e o texto dos estatutos se axusta ao establecido por Lei.

Por todo o exposto, e tendo en conta a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo, Carral e Miño, en razón de todo o exposto esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PRIMEIRO. Incoar o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño para o mantemento en común do posto de Tesourería.

SEGUNDO. Designar ao Alcalde -presidente, e á Primeira Tenente de Alcalde, como representante e suplente do Concello de Abegondo na Xunta administrativa da Agrupación. Estes poden ser substituídos polos distintos tenentes de alcaldes en caso de imposibilidade de acudir do titular e suplente.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se detallan a continuación:

ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO CARRAL E MIÑO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA.

Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.

1. Os Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2. A Agrupación constituída rexerese polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.

3. A cabeceira da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.

Artículo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

Artigo 3. Organización.

1. A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.

Esta Xunta Administrativa estará integrada por cinco membros, designando o pleno de cada concello un membro e suplente por cada concello, contando con dous membros o concello de cabeceira.

Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

2. As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das dbses do réxime local.

3. Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:

O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.

Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.

- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4. A Xunta administrativa rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Artigo 4. Réxime do persoal

1. O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.

2. Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos interesados de acordo co seguinte cadro:

Entidade Local
Días da semana
Concello de Bergondo
Luns
Concello de Abegondo
martes
Concello de Carral
mércores
Concello de Miño
xoves

Respecto aos venres asistirá: o primeiro venres de cada mes ao concello de Bergondo; o segundo venres de cada mes ao concello de Abegondo; o terceiro venres de cada mes ao concello de Carrale o cuarto venres de cada mes ao concello de Miño. No caso de haber un quinto venres no mes, asistirá ao concello que corresponda segundo as necesidades dos concellos agrupados.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3. O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos catro concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Exceptúanse deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste funcionario en calquera dos municipios agrupados.

4. O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo presidente da Agrupación na súa condición de alcalde da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.

Artículo 5: Retribucións.

1. O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírse a partes iguais entre os catro concellos que conforman a agrupación.

2. As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3. As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadírase o complemento de agrupación (60% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).

4. Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.

Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación.

1. O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo, Carral e Miño comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2. A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3. O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes:

Concello de Abegondo: 25%

Concello de Carral: 25%

Concello de Miño: 25%



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Artigo 7 Réxime xurídico da Agrupación.

1. En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reuniráse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.
2. O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación.

1. A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.
2. A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de réxime local.

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.

En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3. No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.

4. Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

- a) A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos
- b) O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,
- c) Maiores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.
- d) A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.

5. Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:

- a) A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.
- b) A agrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos.

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.

Disposición final única.

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.

Cuarto. Someter ou expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no BOP e solicitar informe da Deputación Provincial e da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente e a indicación por parte de Roberto Gómez de que van absterse, que lles parece ben o aforro pero que dubidan cómo fará con catro concellos e rotando os venres, con dous concellos sería mellor, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)</p> <p>Abstencións: 4 (Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)</p> <p>Votos en contra: 0</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2019

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2019

EXPEDIENTE: 2019/G006/000179

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Cónstalle a esta Alcaldía a existencia de facturas presentadas por diversos acredores municipais que se indican no documento anexo a este expediente e que se atopan pendentes de recoñecemento:

- Relación de facturas F/2019/50 Recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2019, que contén un total de 35 facturas facturas por un importe total de 12.308,65 euros.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDO. É vontade deste grupo de goberno efectuar todos os pagos pendentes aos acredores municipais, máis aínda nos tempos de crise que corren, evitando tamén os posibles prexuízos que puidesen derivarse da falla de pago en prazo das facturas presentadas polos acredores municipais, problemática que se agrava coa lexislación emitida recentemente, como pode ser a Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

TERCEIRO. Enténdese, polo tanto, acreditado no expediente a conveniencia de proceder inmediatamente ao recoñecemento extraxudicial das facturas obxecto deste expediente, para evitar os prexuízos que puidesen derivarse da demora no pago aos provedores.

CUARTO. Á vista do anterior, mediante providencia do 10 de decembro de 2019, ordenouse á Intervención municipal que se efectuase a tramitación oportuna para a aprobación dos gastos derivados das facturas anteriores. Unha vez efectuada a tramitación oportuna, a Intervención municipal emitiu o seu Informe

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- O Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, en materia de orzamentos
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación
- A Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal “[...] *Corresponderalle ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, [...]*”

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica a atención das necesidades do exercicio corrente, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na base 7 de execución do vixente orzamento municipal,

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos correspondentes ás facturas indicadas máis arriba por



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

importe de 12.308,65 euros.

Segundo. Dar traslado do presente acordo á Alcaldía para os efectos de que se proceda á ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente e que se engade unha factura traspapelada á listaxe, factura que xa foi engadida na relación da porposta, procedese á votación da proposta, co seguinte resultado: resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Abstencións: 4 (Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta coa corrección indicada, o que suma coa nova factura incluída un total de 12.830,19 euros e quedando a relación de facturas F/2019/50 final como segue:

Nº entrada	Data entrada	Nº doc	Importe	Terceiro	Nome	Concepto	Prog	Econ
F/2019/2	08/01/2019	842278670	125,36	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo renting impresora fotocopiadora Rexistro, decembro/18	920	22799
F/2019/98	19/01/2019	842304609	82,91	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo copias impresora multifunción Cultura e Deportes, decembro/18	920	22799
F/2019/99	19/01/2019	842305272	79,45	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo copias impresora multifunción Alcaldía, decembro/18	920	22799
F/2019/100	19/01/2019	842305614	59,85	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo copias impresora multifunción Orientación e Servizos Sociais, decembro/18	920	22799
F/2019/101	23/01/2019	842320229	0,36	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo copias impresora ximnasio, decembro/18	920	22799
F/2019/102	23/01/2019	842320650	560,48	B82080177	RICOH ESPAÑA SLU	Servizo copias impresoras multifunción departamentos municipais varios, decembro/18	920	22799
F/2019/107	03/01/2019	28-A9M0-370930	7,26	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Servizo telefonía móbil obras e servizos decembro/2018	920	22200
F/2019/108	03/01/2019	28-A9U1-041374	42,16	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Servizo telefonía móbil, período decembro/2018 (compensar)	920	22000



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

F/2019/438	07/03/2019	28-L8M0-261426	21,49	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Servizo telefonía contrato M2M gprs pymes 620637718, período novembro/2018	920	22000
F/2019/440	07/03/2019	TA60H0168529	804,61	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía conectividade-fusión, decembro/2018	920	22000
F/2019/442	07/03/2019	60-K898-412478	631,09	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada fixa, novembro/2018	920	22000
F/2019/443	07/03/2019	60-K898-412479	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable novembro/2018	920	22000
F/2019/444	07/03/2019	28-A9M0-385606	4,84	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Servizo telefonía contrato M2M gprs pymes 620637718, período decembro/2018	920	22000
F/2019/465	08/03/2019	60-I898-412601	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable setembro/2018	920	22000
F/2019/466	08/03/2019	60-A898-413671	150,4	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable xaneiro/2018	920	22000
F/2019/467	08/03/2019	TA60F0177978	883,02	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía conectividade-fusión, outubro/2018	920	22000
F/2019/468	08/03/2019	60-J898-412504	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable outubro/2018	920	22000
F/2019/469	08/03/2019	60-C898-413451	127,29	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable marzo/2018	920	22000
F/2019/470	08/03/2019	60-H898-412662	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable agosto/2018	920	22000
F/2019/471	08/03/2019	60-E898-413245	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable maio/2018	920	22000
F/2019/472	08/03/2019	60-D898-413321	66,21	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable abril/2018	920	22000
F/2019/473	08/03/2019	TA60C0188625	764,48	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía conectividade-fusión, xullo/2018	920	22000
F/2019/474	08/03/2019	28-K8M0-206235	30,24	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Servizo telefonía contrato M2M gprs pymes 620363718 período outubro/2018	920	22000



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

F/2019/475	08/03/2019	TA5WG024 4686	764,48	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía conectividade-fusión, xuño/2018	920	22000
F/2019/476	08/03/2019	TA60E0179 849	1034,74	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía conectividade-fusión, setembro/2018	920	22000
F/2019/477	08/03/2019	60-I898- 412600	616,63	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada fixo período setembro/2018	920	22000
F/2019/478	08/03/2019	60-G898- 412902	87,85	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable xullo/2018	920	22000
F/2019/479	08/03/2019	60-F898- 412970	92,43	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada variable xuño/2018	920	22000
F/2019/983	04/06/2019	60-J898- 412503	623,88	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Servizo telefonía facturación concertada fixa período outubro/2018	920	22000
F/2019/1452	09/08/2019	FE1932128 7051215	1288,61	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA - NATURGY IBERIA	Enerxía eléctrica bombeo Aldea Borreiros, decembro/18 (REC)	161	22100
F/2019/1453	09/08/2019	FE1932128 6615634	442,71	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA - NATURGY IBERIA	Enerxía eléctrica depuradora Orto, decembro/18 (REC)	161	22100
F/2019/1454	09/08/2019	FE1932128 6615631	722,49	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA - NATURGY IBERIA	Enerxía eléctrica pavillón polideportivo San Marcos, decembro/18 (REC)	342	22100
F/2019/1484	13/08/2019	FE1713702 1306278	9,06	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG S.A. - COMERCIALIZ ADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A	Enerxía eléctrica local social Leiro, consumo 25/09/17 a 23/10/17 (REC)	337	22100
F/2019/1504	14/08/2019	FE1532118 7219996	840,43	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA - NATURGY IBERIA	Enerxía eléctrica alumbrado público campo de fútbol 29/08/15 a 28/10/15 (REC)	165	22100
F/2019/1844	06/11/2019	A18 1169	904,6	B94038106	GESTCALOR SL	Subministro pellets caldeira Casa do Concello	920	22103



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>]
mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei
40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

F/2019/1958	30/11/2019	FE1713701 4789078	521,53	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG S.A. - COMERCIALIZ ADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A	Enerx electrica alumb pub (Orto de Arriba) periodo 27/06/17 a 25/07/17	165	22100
-------------	------------	----------------------	--------	-----------	---	--	-----	-------

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

“APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2020”

Por parte do alcalde-presidente dáse conta dunha proposta, que indica o seguinte:

ASUNTO: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS + 2020”

EXPEDIENTE: 2018/G006/000

Vista as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2020”, plan da Deputación provincial da Coruña para o exercicio 2020 que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

Por iso, a finalidade do POS 2020 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase polo tanto, dun plan de mercado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

En bases ao antedito elabóranse proxectos de:

- Reparación de camiños nas parroquias de Limiños, Cos ,Meangos e Orto
- Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Orto e Crendes
- Reparación de camiños de Xuanzo a Figueiras

Contan cos informes técnicos e xurídicos necesarios

Visto os antecedentes expostos, esta alcaldía propón ao Pleno, a aprobación do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	---	----	---
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	--	---	---
Subtotal pago a provedores	--	---	---

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	101.453,66.-
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	---
Subtotal gasto corrente	101.453,66.-

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación de camiños nas parroquias de Limiños, Cos e Crendes	74.347,29.-	---	74.347,29.-
Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Orto e Crendes	59.611,46.-	---	59.611,46.-
Subtotal investimentos achega provincial 2020	133.958,75.-	---	133.958,75.-

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación camiño Xuanzo a Figueiras, Cullergondo (AB-0978, AB-0993, AB-0999)	56.971,95.-	----	56.971,95.-



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Subtotal investimentos achega provincial 2019	56.971,95.-	---	56.971,95.-
--	-------------	-----	-------------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
	--	--	---
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	---	--	---

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
	---	-----
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-----

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	---		
	Achega 2020	----		
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	101.453,66.-		101.453,66.-
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	---		---
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	133.958,75.		133.958,75.
	Achega 2019	56.971,95.-		56.971,95.-
	Préstamo 2020			
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
	Achega 2020			





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

TOTAL	Achega 2019			
	Préstamo 2020			
	TOTAL	292.384,36		292.384,36

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reparación de camiños nas parroquias de Montouto e Sarandos	53.024,08.-
Reparación de camiños nas parroquias de Presedo, Vios e Vilacoba	48.429,58.-
Reparación de camiño Axilda a O Vilar ,Meangos (AB1035)	45.120,00
Rede de saneamento en Ardexurxo- Abegondo	118.822,54.-
TOTAIS	265.396,0.-

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente e a indicación por parte de Roberto Gómez de que ía votar en



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

contra polo camiño de Vilacoba pero ao final vanse abster, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado: resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Abstencións: 4 (Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás dez horas e quince minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.